

# FILÓLOGO E DINAMIZADOR CULTURAL

*"Sobre os dous anos e pico Tián comezou a falar,  
pero logo estancouse. Notabamos que ía un pouco  
lento pero nin a pediatra nin na gardería nos alarmaron,  
dicían nada máis que era tímido.  
Logo unha terapeuta confirmou que o neno era autista".*



Nacín en Muros no 1976, nunha aldea chamada Abelleira, estudei nun cole público e despois fun ao instituto de Muros por letras puras, cando rematei non sabía moi ben o que facer e pasei un ano na casa, polo que aproveitei para ir furtivo ao marisco cun colega.

*"Filoloxía? Filosofía? Botei a sortes o que quería facer. Teño a impresión de que estudei pouco, de feito se volvera atrás había de estudar máis do que estudei, pero foi o tempo da militancia política, fixen a carreira para sacala e daquela non ía nin a clase".*

No momento do nacemento de Tián teño un cancro de testículos e atraveso por dificultades laborais, e tamén comecei a quedar pelado. Díciame Paulo, un amigo meu, que daquela Lance Armstrong escribira un libro sobre a superación persoal polo seu cancro e, sen embargo, eu non lle daba máis importancia ao asunto.

Un dos principais problemas que vemos na evolución de Tián é a relación cos outros, el é feliz estando no seu cuarto cos libros e indo dar paseos ao monte, mirar animais cos prismáticos, pero ir ao parque non lle gusta, non quere ir. Segundo a miña teoría é consciente do seu autismo e fáiselle violento, polo que non quere estar en situacións de estar cos outros. Un día dixo

*"eu tamén son diferente, porque son moi tímido".*

Tián ten unha irmá de sete anos que se chama Sabela e a relación entre eles é moi boa. Unha anécdota deste verán na praia é que atopamos a unha amiga miña coas súas fillas e foron xogar xuntos, fixeime que Sabela sen que ninguén dixera nada anticipou que Tián era un pouco particular e que non se podían meter con el. Ela era consciente que en calquera momento podía poñerse a correr e iso é moi violento, a iso chámasele estereotipia, correr dun lado para outro para afrontar un momento de tensión.

*"O mellor antídoto contra a frustración é a ilusión".*

Se eu perdo os estribos con Tián cando estamos intentando facer calquera cousa, se me cabreo ou el me nota algo, apaga e vámonos, o que tes que facer é algún chiste ou poñerlle humor á cousa. É curiosa a súa sensibilidade, ás veces estou que non podo máis e intento non expresalo, pero el dáse conta. Se ti estás frustrado e te pechas a ti mesmo eles péchanse moito máis, entón para non cabrearme ás veces teño que poñerme a rir, iso é importante tamén.

### *Consellos para comportarse con Tián*

Non ser moi pesado, non ser sobreprotector porque iso a el non lle gusta, detectar os intereses concretos en cada momento e ter paciencia.